



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Anuncio aprobación definitiva listaxe convocatoria e tribunal auxiliar administrativo

Listaxe definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal e a data do exame do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo para o nomeamento de persoal funcionario interino de escala administración xeral (Sub-escala auxiliar administrativo) ou persoal laboral temporal equivalente no Concello de Abegondo (A Coruña)

ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía número 601/2025 de data 5 de setembro de 2025 aprobouse a listaxe definitiva de admitidos, o nomeamento do tribunal e a data do exame do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo para a contratación temporal de operarios/as no Concello de Abegondo (A Coruña):

ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E DATA DO EXAME DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVO) OU PERSOAL LABORAL TEMPORAL EQUIVALENTE NO CONCELLO DE ABEGONDO (A CORUÑA)

EXPEDIENTE: 2025/E002/000002-2025/G003/000654

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Por Resolución de Alcaldía 380/2025 do día 18 de xuño de 2025 acordouse aprobar e convocar os procesos selectivos para a creación de bolsas de traballo para o nomeamento de persoal funcionario interino da escala administración xeral (subescalas auxiliar administrativo e administrativo) ou persoal laboral temporal equivalente no Concello de Abegondo (A CORUÑA)

SEGUNDO. No Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm.124, do día 2 de xullo de 2025, aparecen publicadas as bases da convocatoria do proceso selectivo para a creación de bolsas de traballo para o nomeamento de persoal funcionario interino da escala administración xeral (subescalas auxiliar administrativo e administrativo) ou persoal laboral temporal equivalente no Concello de Abegondo (A CORUÑA)

TERCEIRO. Logo da publicidade oportuna expirou o prazo de presentación de solicitudes.

CUARTO. Por Resolución de Alcaldía núm. 545/2025 de data 14 de agosto de 2025 acordouse aprobar relación provisional de admitidos e excluídos para a creación de bolsas de traballo para o nomeamento de persoal funcionario interino da escala administración xeral (subescalas auxiliar administrativo) ou persoal laboral temporal equivalente no Concello de Abegondo (A CORUÑA)

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén determinada por:

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De acordo co indicado no punto quinto das bases reguladoras aprobadas as instancias deben presentarse no prazo de DEZ días hábiles dende o día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, as persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Concello de 9:00 a 14:00 h, na sede electrónica municipal <https://sede.abegondo.gal/>, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A publicación do resto de actuacións do proceso selectivo farase a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica: <https://sede.abegondo.gal/sxc/es/informacion/>

A solicitude formularase en instancia normalizada conforme ao ANEXO I, estará asinada, xa sexa de forma manuscrita ou dixitalmente, pola persoa interesada ou polo seu representante legal. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Xustificante de pago da taxa prevista na Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos (BOP n.º 240 de 13 de decembro de 2024) .

b) No seu caso, título acreditativo do coñecemento da lingua galega:

Subescala Administrativa: CELGA 4 ou superior

Subescala Auxiliar Administrativa: CELGA 3 ou superior

c) No seu caso, documentación acreditativa dos méritos avaliábles na fase de concurso.

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra destas bases con autorización expresa para o tratamento dos datos persoais, incluída a publicación de resultados, para os fins que consta nestas bases.

Se en calquera momento do proceso selectivo se constata que o/a aspirante incorreu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá a excluílo/a do proceso selectivo.

SEGUNDA. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando as listas provisionais de admitidos e excluídos que serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Acto seguido, concederase un prazo de tres días para a presentación de reclamacións.

A continuación, unha vez examinadas as reclamacións presentadas, a Alcaldía ditará resolución aprobando as listas definitivas de admitidos e excluídos, que serán publicadas do mesmo xeito que as provisionais e determinará tanto a composición do tribunal como a data de realización do primeiro exercicio.

Logo de ver canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable polo que procede a súa aprobación polo alcalde, de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a relación definitiva de admitidos e excluídos para a creación de bolsas de traballo para o nomeamento de persoal funcionario interino da escala administración xeral (subescalas auxiliar administrativo) ou persoal laboral temporal equivalente no Concello de Abegondo (A CORUÑA).

Aspirantes admitidos :

SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	DNI	REXISTRO N.º
1	CINTIA MARÍA PEDREIRA VÁZQUEZ	***0495**	04/07/2025 202500000001987
2	MARIA BEGOÑA FILGUEIRA HERVA	***7090**	09/07/2025 202500000001109
3	MARÍA BELEN NOGUEROL GÓMEZ	***6209**	13/07/2025 202599900001136
4	MARÍA DEL CARMEN DÍAZ MIRÁS	***0717**	13/07/2025 202599900001137
5	SABELA LÓPEZ DEL CASTILLO ALONSO	***5943**	14/07/2025 202500000002114
6	PEDRO MARCIEL CALAZA	***3707**	14/07/2025 202599900001150
7	EVA LÓPEZ VIDAL	***1823**	15/07/2025 202599900001166

SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	DNI	REXISTRO N.º
8	SANDRA MEIZOSO MAZÁS	***1752**	16/07/2025 202599900001183
9	CRISTINA FONDO RODRÍGUEZ	***5978**	CORREOS 16/07/2025 21/07/2025 202500000002185
10	YOLANDA SANTISO LÓPEZ	***0841**	15/07/2025 202599900001167 18/08/2025 202599900001365
11	EMMA CARBALLAL GONZALEZ	***0597**	15/07/2025 202599900001161 18/08/2025 202599900001366

Aspirantes excluídos :

SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	DNI	REXISTRO N.º	CAUSAS
1	JUAN CARLOS QUINTELA GARCÍA	***4017**	03/07/2025 202599900001077	-Anexo I -Non consta liquidación da taxa
2	MARÍA ISABEL VIDAL DOMÍNGUEZ	***4721**	16/07/2025 202599900001186	-Anexo I -Non consta liquidación da taxa

SEGUNDO. Designar como membros do Tribunal que ha de xulgar as correspondentes probas e notificar a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Presidenta: Isabel Manteiga Moar ; suplente María Teresa Villaverde Rodríguez

Secretario: José Antonio Varela Doval ; suplente Iago Manuel Bermejo Varga

Vogais

Celia Cipriana Rivas Sampedro; suplente María del Mar Carro López

Isabel Carro González; suplente Nieves Fuentes Aradas

José Carmelo Sánchez Presedo; suplente José Manuel Rodríguez Costa

TERCEIRO. Convocar as persoas aspirantes para realizar o primeiro exercicio que terá lugar o día 17 de setembro de 2025, ás 10:00 horas no concello de Abegondo, debendo presentar os aspirantes a documentación identificativa (DNI).

CUARTO. Publicar a lista definitiva dos aspirantes admitidos , a composición do tribunal e o data do exame, aos efectos oportunos no Boletín Oficial da Provincia, así no taboleiros de anuncios e sede electrónica deste Concello <https://sede.abegondo.gal>.

QUINTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Abegondo, 5 de setembro de 2025

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2025/5844